



PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE CINCO PRAZAS DE OFICIAL DE INSTALACIONES MUNICIPAIS (QUENDA LIBRE) (OPE 2020-2021-2022).

ANUNCIO

RESOLUCIÓN DAS ALEGACIONES PRESENTADAS O 2º EXERCICIO.

Reunido o órgano de selección o 16 de abril do 2026, acordouse o seguinte:

- Gonzalez Silvosa, A. (Doc. 260069678 e 260069684 do 25/03/2026): Impugna a publicación da puntuación total, sen o desglose das individuais dos membros do tribunal, carecendo de motivación e violar os principios de transparencia. Así mesmo, alega irregularidades no proceso: pola falta de marcador (sendo unha proba de velocidade-destreza); a ausencia dunha folla detallando os elementos para a súa realización; que non fora gravada; que na proba 2, a peza para conectar co extremo do tubo de cobre non era adecuada ao non valer para soldar, e falta de teflón para uso nas roscas dos accesorios.

O órgano de selección acorda DESESTIMAR ditas alegacións en base o seguinte:

A Bases xerais e as específicas polas que se rixe o proceso selectivo establece que: *os exercicios teóricos e prácticos cualificaranse cun máximo de 10 puntos cada un, quedando eliminado quen non obteña un mínimo de 5 puntos en cada un deles. A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión (Base xerais decima); e nas bases específicas, que o Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondrá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.* Neste senso, a nota publicada corresponde coa obtida no exercicio polo aspirante, resultado da medida aritmética das cualificacións outorgadas polos membros do órgano de selección, sen que se estableza, en ditas bases, que deban ser obxecto de publicación. Polo tanto, carece de fundamento a falta de motivación ou de transparencia alegada polo aspirante, estimándose correcta a publicación da puntuación do exercicio realizado.

Respecto as irregularidades alegadas, non se aprecia xustificación algunha, desestimándose as mesmas. Dacordo coas bases rectoras do proceso, corresponde ó órgano de selección o establecemento do exercicio practico ou das tarefas a realizar, o que no presente caso acometeuse polo órgano dispoñendo o contido da proba así como os termos e condicións nas que se levara a cabo. Para a realización do exercicio non estimouse necesario dispoñer dun marcador, xa que non tratábase dunha proba de velocidade (como alega o interesado), informándose do tempo fixado para a realización de cada proba, que debe xestionar e controlar cada aspirante, si ben foise avisando polo tribunal do tempo que restaba para o remate en cada proba. Nin nas bases xerais nin nas específicas, polo que se rixen o proceso selectivo, establececese a obriga de que conste unha folla indicativa dos elementos cos que deberase realizar a proba ou de que esta deba ser gravada. Rexeitase igualmente o manifestado sobre a peza da proba 2, xa que non se



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/04/2026 13:10 | Páxina 1 de 5 |
| 260099478 | CSV: A6B4AB-824DDA-C9D63H-34S9SR-G8PUT1-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

trataba dunha proba de soldadura, si non de presión, que debería realizarse cos elementos postos a disposición do aspirante e, entre os que, si atopábase o teflón.

- Gonzalez Cortegoso, V. (Doc. 260070419 e 260071800 do 25/03/2026). Solicita a repetición do exame alegando: Presencia de persoas de apoio nos exercicios 1º e 2º que non consta seu nomeamento pola Xunta de Goberno Local; que non presentáronse todos os membros titulares do tribunal os exercicios; por irregularidades nos exercicios 2 e 3; na valoración dos puntos establecidos para cada un deles, e polo tempo dispoñible para a realización destes.

O órgano de selección acorda DESESTIMAR ditas alegacións en base o seguinte.:

-Persoal de apoio: O persoal de apoio e técnico que asistiu ó órgano de selección da OEP 2020-2021-2022 correspondente ao proceso de selección das prazas de OFICIAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, nos exercicios 1º e 2º, foi o designado por Resolucións de data 29/10/25 e 23/01/2026 da Concelleira delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal .

| |
|--------------------|
| Iglesias Rejas, L. |
| Pérez Miniño, A. |
| Vázquez Costas, P. |
| Eiríz Blanco, O. |

- Órgano de selección: O feito de que os membros do órgano de selección non foran os titulares das vogalías, si non os suplentes, non afecta a súa válida constitución.

- Irregularidades do exercicio 2 : Alegase que as operacións a realizar no tubo de cobre e no de multicapas son independentes, non podendo establecerse un orde de execución das tarefas impedindo que se continúe coa realización do montaxe do tubo de multicapas sen antes rematar o de cobre. O Órgano de selección a desestima xa que no enunciado do 2º exercicio limitábase a sinalar a orde de realización(*Debera proceder en primer lugar a preparar el ensamblaje de la tubería de cobre, a continuación la de multicapa y, por ultimo, proceder a la unión de ambas tuberías*) polo tanto, non dispoñía que non puidera continuarse coa seguinte tarefa, sen rematar a anterior.

- Irregularidades do exercicio 3: Alega que tanto os guantes de cuero como os de máxima protección contra el corte podían ser elixibles para as labores de desbroce; que na mesa non existía ningún pantalón de desbroce, solo un pantalón de máxima protección contra el corte adecuado para motoserras; que os cascos de protección solo son necesarios si hai risco de caída de obxectos encima da cabeza; que os mandís no son considerados EPIs para a tarefa de desbroce; e que non especificábase si había que elixir os EPIs completos para a tarefa ou os adecuados dos dispoñibles para dita tarefa.

Desestimase dita alegación. Segun instrucións do SPRL do Concello de Vigo, no manexo de desbrozadora se usan luvas antivibración, e o RD 1076/2021 di que se deben usar luvas antivibración co uso de ferramentas guiadas a man. Sí disponiase, entre os posibles a elixir, dun pantalón de desbroce adecuado a dita tarefa. O uso do casco de seguridade resulta obrigatorio durante os traballos de desbroce polo risco de proxección de partículas durante a a realización desa tarefa. En canto os mandís, no foi valorada súa elección na puntuación do exercicio ó non considerarse EPI. Finalmente, considerase que o enunciado do exercicio era claro e conciso, consistente en elixir dentre os EPIs que se expoñían na mesa, os obrigatorios para a realización dun trabalo de desbroce

- Desestimase a alegación da “irracional valoración de los puntos establecidos por cada ejercicio”, como respecto al tiempo dispoñible para súa execución, ó carecer de motivación algunha, xa que corresponde ó órgano de selección fixar tanto o contido do exercicio como as condicións e termos nos que debera acometerse, establecendo, entre outros, o tempo



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/04/2026 13:10 | Páxina 2 de 5 |
| 260099478 | CSV: A6B4AB-824DDA-C9D63H-34S9SR-G8PUT1-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

para sua realización, as puntuacións de cada suposto (desglosado por tarefas), e os criterios a ter en conta para sua valoración, como así consta efectuouse no presente exercicio práctico.

- Diaz Alvarez, P. (Doc.260070397 do 25/03/2026). Solicita coñecer os métodos e criterios de valoración das probas, alegando que as instrucións dadas no 1º exercicio foron confusas; que no 2º se lle instou a non aplicar mais teflón e non apretar os accesorios; e no 3º, que tanto os guantes de cuero como os de máxima protección contra el corte podían ser elixibles para as labores de desbroce; que na mesa non existía ningún pantalón de desbroce, solo un pantalón de máxima protección contra el corte adecuado para motoserres; que os cascos de protección solo son necesarios si hai risco de caída de obxectos encima da cabeza; que os mandís no son considerados EPIS para a tarefa de desbroce; e que non especificábase si había que elixir os EPISs completos para a tarefa ou os adecuados dos dispoñibles para dita tarefa.

O órgano de selección acorda DESESTIMAR ditas alegacións en base o seguinte.:

O segundo exercicio da fase de oposición, de carácter obrigatorio, consistiu na realización dos seguintes supostos:

1º SUPUESTO PRACTICO.

Enunciado:

Ha desaparecido una de las llaves de una cerradura y, por seguridad, se ha decidido cambiar el bombillo. Proceda a su sustitución por otro equivalente.

Puntos: 3

Tiempo: 3 minutos.

Criterios de valoración:

Desmontaje: 1,2 puntos (40%)

Montaje: 1,2 puntos (40%)

Destreza, tiempo y medios adecuados utilizados: 0,60 puntos (20%).

2º SUPUESTO PRACTICO.

Enunciado:

Es necesario reparar una tubería de cobre que se rompió y enlazarla con una tubería multicapa. Debera proceder en primer lugar a preparar el ensamblaje de la tubería de cobre, a continuación la de multicapa y, por último, proceder a la unión de ambas tuberías.

Puntos: 5

Tiempo: 5 minutos.

Criterios de valoración:

Preparación del ensamblaje de la tubería de cobre: 1 punto (20%)

Preparación del ensamblaje de la tubería multicapa: 2,5 puntos (50%)

La unión de ambas: 0,5 puntos (10%)

Destreza, tiempo y medios adecuados utilizados: 1 punto (20%).

3º SUPUESTO PRACTICO.

Enunciado:

Para la realización de un trabajo de desbroce, seleccione los EPIS obligatorios, de entre los siguientes que se exponen:

Puntos: 2



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/04/2026 13:10 | Páxina 3 de 5 |
| 260099478 | CSV: A6B4AB-824DDA-C9D63H-34S9SR-G8PUT1-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

Tiempo: 2 minutos.

Criterios de valoración:

Cada elemento elegido se valorará con la misma puntuación.

Se le otorgará la totalidad de la puntuación al que elija todos los EPIS obligatorios.

Se penalizará la elección de un EPI incorrecto con la mitad de la valoración de uno correcto.

O enunciado de cada suposto, coa puntuación, tempo e criterios de valoración, foille leído polo Presidente do tribunal, a cada aspirante, no momento da súa realización. Indicouse que debería levala a cabo cos elementos que se atopaban dispostos enriba da mesa, e seles resolveron as dúbidas plantexadas sobre o contido da proba. As instrucións foron as mesmas para todos os aspirantes e, concretamente, no que refírese a aplicación do teflón ou de apretar os accesorios, unha vez comprobada súa realización, seles indicaba que non era necesario que aplicara máis teflón ou apretara os accesorios, xa que tratábase de avaliar os coñecementos e destreza na execución do exercicio.

Respecto o exercicio 3º, desestimase dita alegación. Segun instrucións do SPRL do Concello de Vigo, no manexo de desbrozadora se usan luvas antivibración, e o RD 1076/2021 di que se deben usar luvas antivibración co uso de ferramentas guiadas a man. Sí disponiase, entre os posibles a elixir, dun pantalón de desbroce adecuado a dita tarefa. O uso do casco de seguridade resulta obrigatorio durante os traballos de desbroce polo risco de proxección de partículas durante a realización desa tarefa. En canto os mandís, no foi valorada súa elección na puntuación do exercicio ó non considerarse EPI. Finalmente, considerase que o enunciado do exercicio era claro e conciso, consistente en elixir dentre os EPIs que se expoñían na mesa, os obrigatorios para a realización dun trabalo de desbroce

- Gago Corral, J.C. (Doc. 260070552 do 25/03/2026): Manifesta irregularidades nos e exercicios 2 e 3; e falta de transparencia por non publicarse as valoracións dos exercicios por separado.

O órgano de selección acorda DESESTIMAR ditas alegacións en base o seguinte:

- Irregularidades do exercicio 2 : Alegase que non se pode exixir que se inicie o exercicio por unha tubería ou outra, xa que teñen puntuación independente e súa realización é independente. Corresponde ó órgano de selección fixar tanto o contido do exercicio como as condicións e termos nos que deba executarse a proba e, neste caso, no exercicio de dita facultade estimou conveniente establecer un orde para a realización das tarefas do segundo suposto, si ben limitándose a sinalar a tarefa coa que iniciárase este, o que non impedía que puidera pasar a realizar a seguinte, sin necesidade de ter rematada a primeira.

- Irregularidades do exercicio 3: Alega que tanto os guantes de couro como os de anticorte podían ser elixibles para as labores de desbroce, estimando ambiguo o exercicio.

Desestimase dita alegación. Segun instrucións do SPRL do Concello de Vigo, no manexo de desbrozadora se usan luvas antivibración, e o RD 1076/2021 sinala que se deben usar luvas antivibración co uso de ferramentas guiadas a man. Considerase que o enunciado do exercicio é claro e conciso, consistente en elixir dentre os EPIs que se expoñían na mesa, os obrigatorios para a realización do traballo de desbroce

- Falta de publicación das valoracións por separado: A Bases xerais e as específicas polas que se rixe o proceso selectivo establece que: *os exercicios teóricos e prácticos cualifícaranse cun máximo de 10 puntos cada un, quedando eliminado quen non obteña un mínimo de 5 puntos en cada un deles. A puntuación de cada aspirante nos diferentes exercicios será a media aritmética das cualificacións da totalidade das persoas integrantes do órgano de selección asistentes á sesión (Base xerais decima); e nas bases específicas, que o Segundo exercicio.- De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou realizar as tarefas que propondá o órgano de*



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/04/2026 13:10 | Páxina 4 de 5 |
| 260099478 | CSV: A6B4AB-824DDA-C9D63H-34S9SR-G8PUT1-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

selección, relacionadas coas materias obxecto do temario específico, no prazo establecido polo órgano de selección en función da natureza da proba. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para superalo obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. Neste senso, a nota publicada correspóndese coa obtida no exercicio polo aspirante, resultado da medida aritmética das cualificacións outorgadas polos membros do órgano de selección, sen que se estableza, en ditas bases, que deban ser obxecto de publicación. Polo tanto, carece de fundamento a falta de transparencia alegada polo aspirante, estimándose correcta a publicación da puntuación do exercicio realizado.

- Fouz Ares, M.J. (Doc. 260072441 do 26/03/2026): Manifesta súa desconformidade a puntuación outorgada o 2º exercicio, solicitando súa revisión e outorgamento da cualificación de APTO (5,00 puntos o mais).

O órgano de selección acorda DESESTIMAR dita alegación, xa que revisadas as puntuacións que fóronlle outorgadas nos supostos prácticos do segundo exercicio da oposición, ratifícase nas mesmas, considerando correcta a nota de 4,80 puntos obtida pola aspirante, e con ello a cualificación de Non Apta.

Contra a desestimación das reclamacións presentadas, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao Órgano de Selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación, sen prexuício de calquera outro recurso que estimen procedente conforme a dereito. (Base Xeral Décimo Oitava pola que se rexe o proceso selectivo).

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O Secretario do órgano de selección, Luis Rodriguez-Cadarso de la Peña,



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 24/04/2026 13:10 | Páxina 5 de 5 |
| 260099478 | CSV: A6B4AB-824DDA-C9D63H-34S9SR-G8PUT1-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |